

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

7844 Orde TED/456/2021, do 29 de abril, pola que se determina o contido e as condicións de remisión ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico da información sobre os prezos aplicados aos consumidores finais de electricidade.

O 17 de novembro de 2016 foi publicado o Regulamento (UE) 2016/1952 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, relativo ás estatísticas europeas sobre os prezos do gas natural e da electricidade, e que derroga a Directiva 2008/92/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2008, relativa a un procedemento comunitario que garanta a transparencia dos prezos aplicables aos consumidores industriais finais de gas e de electricidade.

A directiva derogada fora implantada en España pola Orde ITC/606/2011, do 16 de marzo, pola que se determinan o contido e a forma de remisión da información sobre os prezos aplicables aos consumidores finais de electricidade ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (actual Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico).

Dando resposta á solicitude presentada por España en virtude do artigo 9 do Regulamento (UE) 2016/1952, o 14 de novembro de 2018 a Comisión Europea aprobou a Decisión pola que se concedía ao Reino de España unha excepción relativa á remisión dos datos estatísticos para os períodos de referencia 2017 e 2018. En particular, a excepción concedeuse para o contido das letras a) e b) do punto 5 do anexo II do citado regulamento, nas cales se recollen, respectivamente, os compoñentes e subcompoñentes en que se desagregan os prezos no marco da remisión anual á Eurostat, e os tres niveis de prezos en que se estrutura a remisión semestral.

Unha vez finalizado o período temporal para que foi concedida a excepción, e co albo de adaptar e dar cumprimento ao regulamento, a presente orde determina a información que deben remitir as comercializadores de enerxía eléctrica que teñen unha determinada cota de mercado ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para a elaboración dos prezos aplicados aos consumidores finais de enerxía eléctrica, e a desagregación con que eses prezos serán remitidos pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas á Oficina Estatística da Unión Europea (Eurostat).

Ademais do anterior, incorpóranse nesta norma os criterios e especificacións concretas que permitirán dispor de datos homoxéneos e comparables ás comercializadoras, o que redundará nunha maior calidade dos prezos obtidos após o seu tratamento pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

As comercializadoras que deberán remitir a información son aquelas que figuren na resolución que publique a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas antes do 31 de decembro de cada ano. Desde ese momento, as comercializadoras deberán realizar a primeira remisión de prezos antes do 30 de agosto do ano seguinte, correspondentes ao primeiro período semestral do ano.

A norma adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Trátase dunha norma necesaria que permite, atendendo ao principio de eficacia, o establecemento de criterios e definicións comúns e transparentes a todos os suxeitos obrigados a remitir os datos sobre prezos aplicados a consumidores finais de electricidade, de maneira que estes sexan de alta calidade, comparables, actualizados, fiables e harmonizados, tal e como establece o regulamento europeo.

Esta obrigación establecida para os comercializadores é unha medida proporcionada, partindo da consideración de que en España a mellor fonte de datos dos prezos finais aplicados a consumidores finais de electricidade son os comercializadores de enerxía eléctrica, motivo polo cal se designan como suxeitos obrigados a recoller a información que teñen que pór á disposición do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Garántese tamén o principio de seguranza xurídica, ao xerarse un marco normativo estable e claro que posibilita e facilita o tratamento dos datos recibidos pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas antes da súa remisión á Eurostat.

En aplicación do principio de transparencia, os destinatarios da norma puideron participar activamente na súa elaboración, a través do cuestionario de avaliación que foi remitido desde este departamento ministerial, con carácter previo á realización da audiencia pública na páxina web, relativo aos criterios baixo os cales os comercializadores están realizando actualmente a remisión de prezos aplicables aos consumidores finais de enerxía eléctrica ao abeiro da Orde ITC/606/2011, do 16 de marzo, que a presente norma derroga.

Alén da necesaria adaptación dos sistemas informáticos para poder adaptar o envío de información aos modelos propostos nos anexos da orde, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias en atención ao principio de eficiencia.

O anterior lévase a cabo ao abeiro da obrigación de información ás administracións públicas que teñen as comercializadoras de enerxía eléctrica segundo o disposto no artigo 46.1.k) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e no artigo 71.2.f) do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», ben que a primeira remisión de prezos conforme o establecido nela se realizará para o período correspondente ao segundo semestre do ano 2021.

De acordo co establecido no artigo 5.2 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o disposto na presente orde recibiu o informe favorable da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o 13 de novembro de 2019.

Así mesmo, realizouse o trámite preceptivo de información pública e audiencia aos interesados, previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, mediante a súa publicación na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Obtivoise informe da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, aprobación previa do Ministerio de Política Territorial e Función Pública de acordo co previsto no artigo 26.5, parágrafo quinto, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e informe favorable sobre incidencia na distribución de competencias previsto no artigo 26.5, parágrafo sexto, da citada lei.

A presente orde dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13ª e 25ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto da presente orde é determinar o contido e as condicións en que as comercializadoras de enerxía eléctrica que se determinen deben remitir ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a información sobre os prezos aplicados aos consumidores finais de electricidade que adquiren a enerxía para o seu uso propio, tanto domésticos como non domésticos, tendo en conta o disposto no Regulamento (UE) 2016/1952 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, relativo ás

estadísticas europeas sobre os prezos do gas natural e da electricidade, e que derroga a Directiva 2008/92/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2008, relativa a un procedemento comunitario que garanta a transparencia dos prezos aplicables aos consumidores industriais finais de gas e de electricidade.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As empresas comercializadoras obrigadas a remitir a información relativa aos prezos aplicados aos consumidores de enerxía eléctrica, para un ano concreto, son as que figuran na lista publicada por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas antes do 31 de decembro do ano natural anterior, por aplicación dos criterios recollidos no artigo 3.

2. Para estes efectos, antes do 1 de decembro de cada ano, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia debe remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas unha proposta de lista de comercializadoras obrigadas a remitir a información relativa aos prezos aplicados aos consumidores de enerxía eléctrica, por aplicación dos criterios recollidos no artigo 3, así como a información de vendas e número de puntos de fornecemento utilizada para a elaboración desa proposta.

Artigo 3. *Criterios para a determinación das comercializadoras que deben remitir os datos sobre prezos aplicados a consumidores finais de enerxía eléctrica.*

As comercializadoras de enerxía eléctrica que se incluírán na lista referida no artigo 2.2 serán as que cumpran algún dos criterios seguintes, segundo a información dispoñible no momento en que sexa elaborado o informe:

- a) Ser comercializadora de referencia.
- b) Ter unha cota do total dos puntos de fornecemento en mercado libre a nivel nacional maior do 0,15 por cento.
- c) Ter unha cota do total da enerxía eléctrica comercializada en mercado libre a nivel nacional maior do 1 por cento durante o último ano móbil.

Artigo 4. *Información que remitirán as comercializadoras de enerxía eléctrica á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.*

1. As empresas comercializadoras de enerxía eléctrica incluídas no artigo 2.1 deben enviar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a información correspondente aos prezos de enerxía eléctrica aplicados a consumidores finais para o seu propio uso correspondentes aos períodos de referencia que se recollen no artigo 6.

2. A información que se debe remitir é a que figura no anexo II e para a seu cálculo aplícanse os criterios recollidos no artigo 5.

3. A remisión de prezos debe realizarse para cada unha das categorías de consumidores previstas no anexo I, baseadas en bandas de consumo anual de electricidade, expresados en €/kWh con catro decimais.

4. A información que se remita debe corresponder a prezos de electricidade medios nacionais aplicados aos consumidores finais que adquiren a enerxía para o seu propio uso, tanto domésticos como non domésticos.

5. Os prezos inclúen todos os conceptos que sexan trasladados ao consumidor final relacionados co fornecemento de enerxía, considerando rebaixas ou primas e excluindo as cargas relativas á conexión inicial ou a calquera outro tipo de actuación no punto de fornecemento como o custo por dereitos de acceso, extensión e verificación. Non se inclúen os prezos de servizos de mantemento ou outros servizos que non estean vinculados co fornecemento de enerxía.

6. Non se considera, para efectos de remisión da información anterior:

- a) A enerxía horaria autoconsumida nin a enerxía horaria autoconsumida individualizada, de acordo coas definicións dadas no Real decreto 244/2019, do 5 de abril,

polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, dos consumidores acollidos a calquera modalidade de autoconsumo.

b) A enerxía asociada a fornecementos eventuais ou de temporada.

c) A enerxía fornecida a tarifa de último recurso aos consumidores que, sen cumpriren os requisitos para a aplicación do prezo voluntario para o pequeno consumidor, transitoriamente non dispoñan dun contrato de fornecemento en vigor cun comercializador en mercado libre, de acordo co disposto no artigo 17.3.b) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Artigo 5. *Criterios de aplicación á información enviada polas empresas comercializadoras.*

Para o cálculo dos prezos correspondentes a cada categoría de consumidores, segundo bandas de consumo anual de electricidade, deben aplicarse os criterios seguintes:

1. A clasificación de clientes en domésticos e non domésticos realizarase a partir da información dispoñible na Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE). Considéranse clientes domésticos os contratos con CNAE dos grupos 97 e 98, mentres que se consideran clientes non domésticos o resto de casos. En ausencia desta información, as comercializadoras de electricidade poden asimilar como clientes domésticos todos aqueles que teñan potencias contratadas inferiores ou iguais a 15 kW.

2. O número de clientes é o que conste nas bases de datos das comercializadoras o último día do período de referencia, tanto para os períodos de referencia semestrais como para o anual.

3. A potencia facturada agregada é a potencia máxima facturada agregada de todos os clientes. Se non se puider coñecer a potencia máxima facturada, debe considerarse a potencia máxima contratada no momento de facturar.

4. A enerxía considerada en cada banda de consumo é a enerxía que, na data en que se remita a información á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, fose facturada dentro do período de referencia que corresponda, con independencia de que a dita enerxía fose efectivamente fornecida ou non dentro do período.

Considéranse, por tanto, enerxías eventualmente fornecidas en períodos anteriores, así como refacturacións que se levasen a cabo no período de referencia, tendo en conta o disposto no artigo 7.2.

5. Para garantir a coherencia da información publicada entre os períodos semestrais e no período de referencia anual, os datos remitidos para o período de referencia anual de cada ano, relativos á enerxía facturada e á facturación, correspóndense coa agregación dos datos remitidos para os dous períodos de referencia semestrais dese ano.

6. No caso da información remitida para o primeiro período de referencia de cada ano, o consumo anual declarado para cada banda de consumo é o do último ano móbil.

No caso da información remitida para o segundo período de referencia de cada ano, o consumo anual declarado para cada banda de consumo é a suma da enerxía declarada no primeiro período semestral e a enerxía declarada no segundo período semestral dese ano.

O consumo anual declarado na remisión de información correspondente ao segundo período semestral é o mesmo que o declarado na remisión correspondente ao período de referencia anual e coincide, pola súa vez, coa enerxía facturada no período de referencia anual.

7. As referencias a «IVE e outros impostos recuperables correspondentes ao fornecemento eléctrico» deberán entenderse como o IVE ou impostos recuperables correspondentes exclusivamente ao fornecemento eléctrico, sen incluír os impostos recuperables correspondentes á venda doutros produtos.

Artigo 6. *Períodos de referencia dos prezos recollidos.*

Establécense os seguintes períodos de referencia para os prezos que deben remitirse:

1. O primeiro período de referencia semestral é o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de cada ano.
2. O segundo período de referencia semestral é o comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de cada ano.
3. O período de referencia anual é o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano.

Artigo 7. *Prazos de remisión.*

1. As comercializadoras de enerxía eléctrica deben remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas os prezos segundo o calendario seguinte:

- a) antes do 30 de agosto de cada ano, deben remitirse os prezos aplicados no primeiro período de referencia semestral dese ano;
- b) antes do 28 de febreiro de cada ano, deben remitirse os prezos aplicados no segundo período de referencia semestral do ano anterior;
- c) xunto á remisión a que fai referencia a letra b) anterior, antes do 28 de febreiro de cada ano, deben remitirse os prezos aplicados no período de referencia anual correspondente ao ano anterior.

2. Cando, por motivos regulatorios ou outros motivos que o xustifiquen, os comercializadores deban efectuar unha refacturación que signifique unha variación superior ao 3 por cento sobre os prezos que corresponderían a ese período sen incluír a refacturación, para algunha das bandas de consumo, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá establecer por resolución as características particulares da remisión de información, entre as cales se poderá incluír un novo prazo para o envío dos datos.

A resolución será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 8. *Comunicación electrónica da información.*

1. Conforme o establecido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a información sobre prezos aplicados a consumidores finais debe presentarse exclusivamente por vía electrónica, con certificado electrónico, na aplicación habilitada para tal efecto na sede electrónica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

2. Os modelos establecidos no anexo II ou, se for o caso, no anexo III, para a remisión dos prezos estarán dispoñibles para completar e enviar a través da mencionada aplicación.

3. Todas as comunicacións entre os suxeitos obrigados e a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas deben realizarse exclusivamente a través de medios electrónicos. Se non se utilizasen os medios electrónicos, a citada dirección xeral poderá requirir a correspondente emenda.

Artigo 9. *Calidade da información.*

1. O comercializador debe garantir a calidade dos datos facilitados de conformidade coa presente orde.

2. Para efectos de que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poida achegar información fiable e de calidade á Oficina Estatística da Unión Europea (Eurostat), cando a variación dos prezos remitidos por un comercializador para un período de referencia sexa superior ao 10 por cento respecto aos remitidos para o mesmo período do ano anterior, ou para o anterior período de referencia, o comercializador debe sinalar expresamente este feito á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no campo habilitado para tal efecto na aplicación electrónica referida no artigo 8.1, co obxecto de evitar que se susciten dúbidas sobre a validez da información achegada.

A través da aplicación electrónica debe sinalarse, igualmente, calquera outra consideración que resulte relevante para a correcta interpretación dos datos.

3. Con carácter xeral, o comercializador comunicará á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas calquera cambio metodolóxico ou doutra natureza que poida ter unha incidencia significativa na información que debe facilitar conforme o disposto na presente orde, o máis tardar no prazo dun mes despois do cambio.

4. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá requirir ao comercializador de enerxía eléctrica información adicional sobre a maneira en que os datos foron recadados, a metodoloxía empregada e os criterios aplicados, así como xustificación das posibles diferenzas que sexan observadas.

O comercializador deberá responder no prazo de quince días hábiles desde a notificación do requirimento.

Artigo 10. *Incumprimentos.*

O incumprimento por un comercializador de calquera das obrigacións que lle son exixibles segundo o disposto nesta orde será sancionado conforme o disposto nos artigos 63 e seguintes da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e, en particular, no seu artigo 65.6.

Artigo 11. *Confidencialidade.*

1. A información recibida pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas que, pola súa natureza, poida considerarse segredo comercial das empresas non pode ser divulgada e pode utilizarse unicamente con fins estatísticos.

2. Non obstante o disposto no número anterior, esta información confidencial pódese publicar en forma de agregados estatísticos en que non se poidan identificar as transaccións comerciais individuais.

Artigo 12. *Acceso á información.*

1. O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico dará á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia acceso a aquela información recollida en aplicación do disposto na presente orde que sexa necesaria para o exercicio das súas funcións, en condicións que manteñan a súa seguranza, confidencialidade e integridade.

2. O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico terá dispoñible a información necesaria para as comunidades autónomas que, en exercicio das súas competencias, soliciten acceso a ela en condicións que manteñan a súa seguranza, confidencialidade e integridade.

Artigo 13. *Remisión de información da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas á Eurostat.*

En aplicación do Regulamento (UE) 2016/1952 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, os prezos aplicables aos consumidores finais de electricidade, que remite a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas á Eurostat, atenden ao seguinte:

- a) Son prezos medios nacionais.
- b) Exprésanse en €/kWh.
- c) Ponderáanse en función da cota de mercado das empresas comercializadoras de electricidade en cada banda de consumo das recollidas no anexo I. En caso de non ser posible calcular os prezos medios ponderados, pódense proporcionar prezos medios aritméticos. En ambos os casos, os datos deben abranguer unha cota representativa do mercado nacional.
- d) Atenden á desagregación de compoñentes e subcompoñentes do anexo IV.

Disposición adicional primeira. *Autorización para a actualización dos anexos.*

A Secretaría de Estado de Enerxía pode actualizar, mediante resolución, o contido técnico ou formal dos anexos II e III.

Disposición adicional segunda. *Segundo período semestral 2021.*

1. Excepcionalmente, para a remisión de prezos correspondente ao segundo período semestral do ano 2021, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas publicará, antes do 30 de xuño de 2021, a resolución pola que se aproba a lista de comercializadoras obrigadas a remitir a información relativa aos prezos aplicados aos consumidores de enerxía eléctrica para o dito período semestral, a que fai referencia o artigo 2.1.

2. Para estes efectos, antes do 1 de xuño de 2021, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia debe remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas unha proposta de lista de comercializadoras obrigadas a remitir a información relativa aos prezos aplicados aos consumidores de enerxía eléctrica, por aplicación dos criterios recollidos no artigo 3, así como a información de vendas e número de puntos de fornecemento utilizada para a elaboración da proposta.

Disposición transitoria única. *Información que se remitirá con carácter transitorio.*

1. Con carácter transitorio, e até que sexa posible o envío de información de acordo co anexo II, por non dispoñer as comercializadoras de facturación independente das peaxes de acceso á rede e dos cargos a que fan referencia os artigos 16.1 e 16.2 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, as comercializadoras deben remitir os datos segundo se dispón no anexo III, tendo en conta os criterios xerais considerados no artigo 5.

2. Cando para un período de entrega, semestral ou anual, haxa meses en que se dispoña de facturación diferenciada de peaxes de acceso e cargos, e meses en que unicamente se dispoña de facturación por peaxes de acceso, a remisión da información debe realizarse conforme o anexo III, agregando na casa correspondente á facturación por peaxes de acceso á rede a facturación por ambos os conceptos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde ITC/606/2011, do 16 de marzo, pola que se determina o contido e a forma de remisión da información sobre os prezos aplicables aos consumidores finais de electricidade ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente orde dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1. 13ª e 25ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e o disposto nela resultará de aplicación para a remisión de prezos correspondentes ao segundo período semestral do ano 2021 para as comercializadoras que aparezan na lista publicada por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas antes do 30 de xuño de 2021.

Madrid, 29 de abril de 2021.—A vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Teresa Ribera Rodríguez.

ANEXO I

Bandas de consumo

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/1952 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, as bandas de consumo en que se desagregan os prezos para os clientes domésticos son as seguintes:

Banda de consumo.	Consumo anual de electricidade (kWh)	
	Mínimo	Máximo
Banda DA.		< 1.000
Banda DB.	≥ 1.000	< 2.500
Banda DC.	≥ 2.500	< 5.000
Banda DD.	≥ 5.000	< 15.000
Banda DE.	≥ 15.000	

As bandas de consumo en que se desagregan os prezos para os clientes non domésticos son as seguintes:

Banda de consumo	Consumo anual de electricidade (MWh)	
	Mínimo	Máximo
Banda IA.		< 20
Banda IB.	≥ 20	< 500
Banda IC.	≥ 500	< 2.000
Banda ID.	≥ 2.000	< 20.000
Banda IE.	≥ 20.000	< 70.000
Banda IF.	≥ 70.000	< 150.000
Banda IG.	≥ 150.000	

Ano	(Indique ano dos datos)			Nº de clientes	Prezo por fornecemento eléctrico excluíndo a facturación por aluguer de equipamentos de medida (€/kWh)								Prezo por aluguer de equipamentos de medida (€/kWh)	
	Primeiro semestre (Marque X)	Segundo semestre (Marque X)	Anual (Marque X)		Consumo anual de electricidade (MWh)	Prezo por peaxes de acceso (B)/(A)	Prezo por cargas (C)/(A)	Prezo por imposto sobre a electricidade (D)/(A)	Prezo por suplementos territoriais (E)/(A)	Prezo por IVE e outros impostos recuperables correspondentes ao fornecemento eléctrico (F)/(A)	Prezo polo resto dos conceptos ligados ao fornecemento eléctrico (G)/(A)	Prezo total (H)/(A)	Prezo por aluguer de equipamentos de medida (I)/(A)	Prezo por IVE e outros impostos recuperables correspondentes ao aluguer de equipamentos de medida (J)/(A)
Periodo de referencia				Mínimo										
Banda de consumo				Máximo										
Banda IA				< 20										
Banda IB				20 < 500										
Banda IC				500 < 2000										
Banda ID				2000 < 20000										
Banda IE				20000 < 70000										
Banda IF				70000 ≤ 150000										
Banda IG				> 150000										

ANEXO IV

Apéndice A

Información anual que remitirá a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas á Oficina Estatística da Unión Europea (Eurostat)

En aplicación do Regulamento (UE) 2016/1952 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, para o período de referencia anual, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas remitirá á Eurostat os prezos aplicados aos consumidores finais de electricidade desagregados como se especifica a seguir:

I. O prezo da electricidade por banda de consumo aplicado ao cliente final correspondente ao período de referencia anual é a suma de tres compoñentes principais: o compoñente de enerxía e fornecemento, o compoñente de rede e o compoñente que inclúe os impostos, taxas, gravames e cargas.

II. Os subcompoñentes nos cales se divide cada compoñente, para cada banda de consumo, son os seguintes:

1. Enerxía e fornecemento.

Este compoñente inclúe os prezos relativos á produción, incluíndo o resultado da enerxía adquirida no mercado grosista de electricidade estruturado en mercados a prazo organizados e non organizados, mercado diario, mercado intradiario, mercados de axuste (entendidos estes como os servizos de non frecuencia e servizos de balance do sistema, incluíndo a resolución de restricións técnicas) e os relacionados coa marxe comercial (servizos ao cliente, xestión posvenda e outros custos de fornecemento).

2. Rede.

Este compoñente inclúe as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución, perdas de transporte e distribución e custos de aluguer de contadores.

Este compoñente divídese nos seguintes subcompoñentes:

2.1 Custos de transporte.

2.2 Custos de distribución.

3. Impostos, taxas, gravames e cargos.

Este compoñente divídese nos seguintes subcompoñentes:

3.1 Imposto sobre o valor engadido (IVE).

3.2 O correspondente ao custo do réxime retributivo específico para enerxías renovables, coxeración e residuos. Neste subcompoñente inclúese, se for o caso, o custo por contribución ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética.

3.3 O correspondente ao custo dos mecanismos de capacidade e seguranza enerxética e gravames para financiar a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o operador do mercado e o operador do sistema.

3.4 O correspondente aos impostos, taxas, gravames ou cargos relacionados coa calidade do aire e para outros fins ambientais, así como impostos sobre as emisións de CO₂ ou outros gases de efecto invernadoiro. Neste subcompoñente inclúese o custo polo imposto especial sobre a electricidade.

3.5 O custo do 2.º ciclo do combustible nuclear.

3.6 Os non cubertos por ningunha das cinco categorías anteriores: cargas fiscais locais ou rexionais, extracusto das actividades de produción nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, dereitos de concesión relacionados con licenzas e dereitos relativos á ocupación do solo e propiedades públicas e privadas por redes ou outros dispositivos, a anualidade do déficit e os suplementos territoriais.

Apéndice B

Información semestral que remitirá a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas á Oficina Estatística da Unión Europea (Eurostat)

Para os períodos de referencia semestrais, os prezos aplicados aos consumidores finais de electricidade que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas remite á Eurostat desagréganse nos tres niveis seguintes:

Nivel 1. Prezos sen os impostos, taxas, gravames e cargas.

Este nivel de prezos inclúe soamente o compoñente de enerxía e fornecemento e o compoñente de rede.

Nivel 2. Prezos sen o imposto sobre o valor engadido (IVE) nin outros impostos recuperables.

Para os clientes non domésticos, este nivel de prezos inclúe:

- o compoñente de enerxía e fornecemento;
- o compoñente de rede;
- o compoñente de impostos, taxas, gravames e cargas considerados non recuperables.

Para os clientes domésticos, este nivel de prezos inclúe:

- o compoñente de enerxía e fornecemento;
- o compoñente de rede;
- o compoñente de impostos, taxas, gravames e cargas, menos o IVE e menos calquera outro imposto recuperable.

Nivel 3. Prezos máis todos os impostos.

Este nivel de prezos inclúe:

- o compoñente de enerxía e fornecemento;
- o compoñente de rede;
- todos os impostos, taxas, gravames e cargas recuperables e non recuperables, incluído o IVE.